


**CONCELLO DE SANTIAGO**



**MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS EN CODESEDAS**



**APROBACIÓN INICIAL  
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

POLÍGONO DO TAMBRE - VÍA LA CIERVA, Nº 15  
15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11  
e-mail: [estudiotg@estudiotg.es](mailto:estudiotg@estudiotg.es)

**ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.**





## **MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS EN CODESEDAS**

### **ÍNDICE**

|                                                                                      |          |
|--------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| <b>MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA .....</b>             | <b>3</b> |
| <b>PARTE II. MEMORIA XUSTIFICATIVA .....</b>                                         | <b>3</b> |
| <b>1.- TRAMITACIÓN.....</b>                                                          | <b>3</b> |
| <b>2.-OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM .....</b>              | <b>4</b> |
| <b>3.-CRITERIOS XUSTIFICATIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.....</b>                      | <b>5</b> |
| <b>4.-RELACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL COA PLANIFICACIÓN DE RANGO SUPERIOR .....</b> | <b>6</b> |
| 7.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) .....                                | 6        |
| 7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).....                             | 7        |
| 7.3.- Lei do Solo de Galicia (LSG) .....                                             | 8        |

## MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### PARTE II. MEMORIA XUSTIFICATIVA

#### 1.- TRAMITACIÓN

- Data de redacción do DAE e Avance.

O Documento ambiental estratéxico e avance ou borrador da MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, conta co data de Abril do 2022.

- Data de exposición ó público do DAE e Avance

O día 13/04/2023 a Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública do documento ambiental estratéxico e o avance ou borrador, o cal finalizou o día 29/05/2023, ao tempo que se consultou aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

- Data da resolución. Informes recabados.

Con data do 6 de xuño de 2023 achégase a Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico da MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Tralo período de consultas e exposición pública recábanse os seguintes informes procedentes dos seguintes organismos; Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e Instituto de Estudos do Territorio.

- Determinacións da resolución do sometemento ao procedemento da avaliación ambiental estratéxica.

Trala análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propónse non someter a procedemento da avaliación ambiental estratéxica ordinaria a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº20 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

- Determinacións dos informes emitidos.

Tralo período de consultas e exposición pública recábanse os seguintes informes procedentes da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e Instituto de Estudos do Territorio.

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio

Analizada a documentación resulta:

1.- A sinaliación de aliñacións é unha determinación en solo de núcleo rural que debe conter o PXOM, polo que suplir esta carencia nun viario fundamenta o interese público da modificación.

2.- A modificación puntual do PXOM ha de ser de iniciativa pública.

Procede retirar do expediente os promotores privados e documentación relativa á estes.

3.- A modificación puntual tramitarase polo procedemento previsto no artigo 78, en relación co 83.5 da LSG, así como o artigo 194 da RLSC.

- Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que a modificación non provocará efectos paisaxísticos significativos e pode supoñer unha mellora na mdida en que o novo aliñamento permite corrixir a inexistencia de beirarrúas.

Non obstante, de acordo co artigo 35 da RLPPG, a modificación puntual deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

Procede incluír o estudo da paisaxe no anexo II da memoria xustificativa da MP: 15078\_MP20PXOM\_202312\_AI\_MX\_03.01ANX\_P SX.

## **2.-OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM**

Tal e como se deduce dos antecedentes expostos, o presente documento ten por obxectivo dar solución a problemática existente, establecendo para elo as aliñacións na rúa do Vencello, para o caso que se proxecten a regularización da vía pública polo concello ou cando se soliciten licencias para a construción de novas edificacións ou de novos peches permanentes nas fincas mencionadas na memoria informativa.

Dito procedemento está amparado no disposto no artigo 122 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG, no que se indica que:

*Artigo 24. 2 da LSG:*

*“...2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso...”*

*Artigo 26.e da LSG. Usos incompatibles no solo de núcleo rural:*

*“...e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúas ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice...”*

*Artigo 122. Determinacións en solo de núcleo rural*

*c) Trazado da rede viaria pública e sinalización de **aliñacións** (artigo 55.1.c) da LSG).*

*Artigo 117. Trazado e características da rede viaria pública*


*2. Para cada unha das vías públicas que integran o sistema de infraestruturas de comunicacións nesta clase e categoría de solo, o plan xeral sinalará, en todo caso, as súas **aliñacións**.*

### **3.-CRITERIOS XUSTIFICATIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL**

Visto as aliñacións fixadas polo PXOM nos viais do núcleo rural de Codesedas, para os cales se establecen seccións de 8 (viarios en fondo de saco), 10 (viario con aliñacións consolidadas) e 12 metros (nos viarios restantes), e dadas as características do vial (viario en fondo de saco) que se procede a recoñecer, óptase pola fixación de aliñacións mínima de 4 metros ao eixo, aumentando esta naqueles puntos onde o dominio público é maior e reducindo naqueles puntos onde a aliñación se atopa consolidada pola edificación.

A continuación, achégase unha imaxe das aliñacións propostas:





Aliñacións no plano Nº2 F23

En vista ao anterior, a presente modificación puntual non altera nin a clasificación do solo nin a ordenanza de aplicación.

As modificacións propostas, polo tanto, afectan unicamente ao Plano Nº2 F23, Ordenación Urbanística do PXOM de Santiago de Compostela, non sendo necesario introducir ningunha modificación no texto normativo.

#### 4.-RELACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL COA PLANIFICACIÓN DE RANGO SUPERIOR

##### 7.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)


O camiño recoñecido non se atopa afectado por ningún elemento catalogado.

No referido ás afeccións, o camiño non se atopa afectado.


As aliñacións propostas son coherentes coas xa establecidas no mesmo núcleo rural para un viario das mesmas características, vial en fondo de saco.

Polo que, a modificación puntual é plenamente compatible coas determinacións do PXOM vixente segundo o artigo 6. Modificacións.

## 7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)



Núcleos de identidade del litoral



Nodos para el equilibrio del territorio

Santiago é recoñecido como un nodo para o equilibrio do territorio, polo que a modificación puntual, é plenamente compatible coas directrices de ordenación do territorio de Galicia, pois

ven a solventar un problema derivado dun incorrecto recoñecemento dun vial existentes, polo que a súa corrección ven a favorecer as determinacións das DOT para os núcleos situados nun enclave estratéxico.

### 7.3.- Lei do Solo de Galicia (LSG)

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 92. Protección das vías de circulación o seguinte:

*1. **As construcións e cerramentos** que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo **de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior**. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).*

*2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.*

En vista ao anterior, a modificación proposta é plenamente compatible co indicado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Santiago, decembro de 2023

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

Arquitecto